CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	Comprender o sentido global dos textos, principalmente nas redes sociais, e as súas características		
CA3.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións orais seguindo un guión previo con fluidez sobre un tema de actualidade ou de interese para o alumnado.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura.	Ler e compartir diferentes textos e gustos literarios entre o alumnado		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Realizar unha recensión ou crítica literaria a partir dunha obra escollida		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Realizar traballos con intención literaria empregando diferentes soportes e seguindo unha proposta previa		
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Facer exposición oral na aula ou grabada.		
CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Producir textos escritos coherentes e cohesionados adecuados á tarefa que se pide.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Organizar de xeito coherente e cohesionado as ideas na produción escrita.		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Participar e colaborar de maneira activa na realización de tarefas.		
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Empregar adecuadamente as estratexias de comunicación.		
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Empregar mecanismos de mediación nas distintas situacións comunicativas atendendo ao interlocutor.		
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Empregar mecanismos de mediación nas distintas situacións comunicativas atendendo á mensaxe.		
CA6.11 - Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Facer uso das semellanzas e diferenzas entre as distintas linguas para progresar na aprendizaxe (transferencia).		
CA6.13 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Ser capaz de analizar e rexistrar o progreso na aprendizaxe para mellorar a súa autonomía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Retos do mundo actual.
- Xeopolítica e principais conflitos no presente, consecuencia da globalización. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. O papel de España na política mundial.
- Sociedade e territorio.
- As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XX e XXI.
- A acción dos movementos feministas e sufraxistas. Mulleres relevantes da historia contemporánea.
- Compromiso cívico e global.
- Dignidade humana e dereitos universais.
- A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social.
- O patrimonio como ben e como recurso.
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Emprego correcto das propiedades textuais (coherencia, cohesión e adecuación) e respecto por estas nas creacións propias.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.
- Produción oral formal. Planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional.
- Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Uso de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información como para a realización de proxectos escolares.
- Interpretación e produción de textos propios das redes sociais e os medios de comunicación. Etiqueta dixital. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma.
- Selección, de xeito progresivamente autónomo, de obras variadas que inclúan autores e autoras a partir da utilización da biblioteca escolar e pública dispoñible.

## Contidos

- Estratexias de mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e
- Estratexias para a recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando de maneira básica a obra no xénero e subxénero literario correspondente. Emprego das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. Respecto pola propiedade
- Lectura guiada.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español desde o século XIX ata a actualidade.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde o século XX ata a actualidade.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal desde o século XIX ata a actualidade.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións, o conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais.
- Construción do sentido da obra a partir da análise dos seus elementos formais e contextuais. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lecturas de obras ou fragmentos de textos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da info
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e

## Contidos

- contrastar, resumir, colabora
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensino-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinares que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.

Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano.

Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, exposicións, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos ou mesmo críticas (reseñas culturais, booktrailers), podcast..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensino-aprendizaxe.

A participación en iniciativas que parten do centro, biblioteca, EDL son parte fundamental do proceso e así o alumnado do programa de diversificación curricular poderá formar parte do club de lectura ou de radio na biblio para así desenvolver de maneira activa parte do currículo da materia.

O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente.



A lectura e o fomento do hábito lector é outro dos piares nos que se basea este ámbito pois é indispensable para que o alumnado adquira as competencias mínimas necesarias. Por iso, ademais do achegamento a fragmentos de obras clásicas que se abordan nos contidos de educación literaria, empregaremos textos ou fragmentos de obras que se aproximen ás súas motivacións persoais e ás súas experiencias.

O alumnado terá á súa disposición todo tipo de materiais na plataforma EVA- edixgal que será unha ferramenta máis para o intercambio de información, realización de tarefas, entrega de traballos ...etc. Estes materiais e recursos están organizados seguindo a secuenciación temporal deseñada nas unidades didácticas e non pretenden trazar un camiño pechado, por iso será un formato flexible, que permita un tratamento diferenciado en función das características do contexto de aplicación.

O coidado na presentación dos traballos e na corrección dos mesmos será obxecto de avaliación e de revisión frecuente.

Empregaranse instrumentos e procedementos de avaliación diversos, flexibles e adaptados ás características do alumnado, identificando o grao de adquisición das competencias e modificando, de ser o caso, aqueles aspectos susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Eva-edixgal
Recursos web como blogs e páxinas do tipo: ogalegoeu, proyectoaula, viaxeaitaca, elauladehistoria
Material complementario de reforzo e ampliación de elaboración propia ou achegado polo departamento e de diferentes editoriais
Libros de lectura: narrativa, poesía, teatro, banda deseñada
Xornais e revistas tanto en papel como en dixital
Equipo de radio

Referido aos medios materiais dos que dispomos na aula están: computadores persoais para cada un dos alumnos/as, pantalla dixital e encerado.

Dous días á semana o alumnado dispón de xornais para o seu emprego na aula.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

Como novidade este curso e dentro do uso das novas tecnoloxías, a radio escolar será outro dos materiais e recursos que empregaremos para a aprendizaxe do ámbito.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos nos que fose necesario, para demandar do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

O primeiro que convén explorar e coñecer son as actitudes do alumnado fronte á materia. O coñecemento destas actitudes proporcionará datos valiosos para organizar unhas actividades que fomenten a "motivación por aprender".

En segundo lugar, interesa coñecer as capacidades de alumnos e alumnas en relación aos procedementos. Interesará coñecer o desenvolvemento de capacidades xerais (lectura, escritura e os coñecementos previos de cursos pasados).

Por último, é preciso coñecer a situación emocional do alumnado co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Os instrumentos para recoller a información relevante para a avaliación inicial serán variados:

a) Un cuestionario ou proba escrita para detectar o coñecemento de procedementos e conceptos básicos da materia

b) Unha enquisa ao alumnado de índole persoal para descubrir o seu grao de implicación e intereses

Igualmente contemplaremos outros momentos de avaliación inicial, como pode ser ao inicio dunha nova unidade didáctica.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>17</b>	<b>18</b>	<b>17</b>	<b>18</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	40	40	40	40	40	40	<b>40</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	60	60	60	60	60	60	<b>60</b>

### Criterios de cualificación:

Primeiramente debemos facer constar que dentro do ámbito socio-lingüístico a impartición da lingua estranxeira faise de maneira paralela por outra docente especialista de forma que consideramos necesario asignarlle unha porcentaxe dentro da nota final do ámbito que terá un peso do 25% en cada un dos trimestres.

Para a avaliación teranse en conta tres aspectos como son: o traballo e actitude na aula, os traballos específicos e os exames ou probas escritas.

Distribuimos as porcentaxes de cualificación do seguinte xeito: 40% as probas, 60% o traballo na aula, que inclúen traballos individuais e en grupo, redaccións, presentacións orais, traballos específicos do tipo (radio na biblio, diario de lectura, proxectos interdisciplinares, certame literario, videopoemas etc.), caderno de traballo e libro de lectura, cuxa lectura é obrigatoria en cada un dos trimestres.

Nos traballos escritos descontarase por cada erro morfolóxico, ortográfico, sintáctico e erros de coherencia e cohesión 0,05 puntos, ademais da presentación pouco coidadosa (sen marxes, sen tabular ou con múltiples borranchos).

En lingua inglesa, a nota trimestral distribúese entre as catro destrezas que se traballan na aula en cada unha das unidades didácticas, seguindo as seguintes porcentaxes: proba de gramática e vocabulario 20%, proba de

comprensión escrita 20%, proba de expresión escrita 20%, proba de audición 20% e proba de expresión oral 20%. Para aprobar a materia hai que ter de media no seu conxunto, como mínimo, un 5. Con nota inferior a 5 non se supera a materia .

No caso de que o alumno ou alumna se ausente, de forma xustificada, por un período prolongado e coincidente ou moi próximo as datas da avaliación, o alumnado será avaliado dos contidos que se impartiron ata que se produciu a ausencia.

En xuño, na avaliación ordinaria, a cualificación final será o resultado de calcular a media ponderada das tres avaliacións, computando a 1ª avaliación o 30%, a 2ª avaliación o 35% e a 3ª avaliación o 35%.

### **Crterios de recuperación:**

A avaliación do ámbito materia responde ao principio de avaliación continua pero de non ter acadado unha cualificación positiva poderá recuperar cada unha das avaliacións mediante unha proba extraordinaria ou realizando novamente algún dos traballos con cualificación negativa nas primeiras datas do seguinte trimestre.

Durante o período que abrangue a terceira avaliación xunto os contidos programados repasaranse e reforzaranse distintas cuestións do ámbito lingüístico impartidas ao longo do curso. Nas probas escritas que se realicen no período da 3ª avaliación incluíranse, xunto aos contidos da mesma, cuestións xa tratadas en trimestres anteriores. Tamén a realización de traballos ou exposicións forman parte do plan de recuperación do ámbito.

Nese sentido para o alumnado que non obtivese segundo a media ponderada un resultado superior a 5, obterá igualmente unha cualificación final positiva de ter superadas as probas e os traballos encomendados ao longo do último trimestre.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

O ensino ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e segundo o seu ritmo de aprendizaxe. As necesidades determinaranse a través da avaliación inicial que se realizará no comezo de curso.

O programa de diversificación curricular no que está integrado o alumnado dá resposta á necesidade de atender esta diversidade.

Primeiramente cómpre delimitar os obxectivos mínimos que garantan unha aprendizaxe autónoma e ter en conta os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Entre eles figuran:

- Adaptar e/ou simplificar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo a súa realidade ( alternar actividades teóricas con traballo práctico, empregar estratexias para captar a atención inicial, usar reforzos e apoios visuais na instrución oral, combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras).
- Supervisar os exercicios constantemente, asegurándose de que entenderon o que teñen que facer.
- Organizar o traballo por parellas ou pequenos grupos para adquirir unha aprendizaxe entre iguais.
- Adaptar os tempos de realización de tarefas e probas.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Adaptar as ferramentas de avaliación
- Nas probas escritas, algunhas estratexias a seguir poden ser: acurtar a extensión dos mesmos, formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos e dar máis tempo para realízalos.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se fose necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X		X	X	X		X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial			X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico	X		X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais estarán presentes na nosa materia do seguinte xeito:

Traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita pois dentro da dinámica das sesións de clase, procuraremos que todo o alumnado lea para mellorar a súa comprensión lectora e a súa expresión oral e escrita. Tamén incluiremos unha obra de lectura obrigatoria en cada un dos trimestres. Tamén se deseñarán traballos e concursos para desenvolver as destrezas e as técnicas de expresión escrita.

A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación empregando todos os recursos que nos ofrece a rede, o emprego de plataformas dixitais para a busca e intercambio de información. Tamén o uso de aplicacións para a creación de contidos e traballos multimedia.

O emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico farase a partir dos traballos de investigación e exposicións, de forma individual ou en grupos cooperativos, amosando empatía, perseveranza e flexibilidade.

A educación emocional e en valores e a igualdade de xénero traballarase constantemente abordando temas como a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato, incidindo na prevención dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Tamén fomentaremos no noso alumnado a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, o respecto aos dereitos humanos e ás persoas con discapacidade.

Por último, a creatividade, está presente en moitas das unidades pois o alumnado participa de iniciativas culturais e artísticas que se fomentan e deseñan tanto no propio centro (EDL e Biblioteca) como de organismos e asociacións externas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Radio na biblio	Espazo para a práctica oral de multitude de temas empregando novos soportes e as novas tecnoloxías	X	X	X
Plan Proxecta	Participación no programa Donas de si	X	X	X
Roteiros e visitas	Realización do roteiro Castelao en Pontevedra e visita ao museo		X	
Semana Cultural 2024	Participación nas actividades da semana cultural			X
XVIII Certame literario IES Sanxenxo	Participación no concurso literario organizado dende o centro			X
Obradoiros e charlas	Asistencia a charlas de autores, obradoiros de diferente tipo	X	X	X
Concursos	Participación no concurso de bookface, podcast, videopoemas ou calquera outra proposta realizada pola biblioteca do centro e o EDL	X	X	X

### Observacións:

Ao longo do curso iranse concretando as actividades complementarias que se levarán a cabo. A realización destas actividades dependerá do desenvolvemento da programación e da propia organización das actividades do centro.

Algunhas delas véñense facendo de maneira recorrente ano tras ano e nelas incluimos aquelas que se fan dende o propio centro como: o Certame Literario IES Sanxenxo, para todos os centros de ensino do municipio e a Semana Cultural, que cada ano ten unha temática concreta.

A colaboración coas propostas que realiza o Equipo de Dinamización Lingüística e a Biblioteca como pode ser a participación no club de lectura ou no programa Radio na biblio, tamén forman parte das actividades complementarias. A elas deberemos sumar aquelas iniciativas que achegan outros organismos, asociacións ou entidades e que consideramos de interese e que poden incardinarse dentro da programación do curso.

Todas estas actividades axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe, permiten romper a rutina, axudan á socialización, á creatividade e a descubrir habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar.

O desenvolvemento destas actividades conleva tres fases:

- Unha preparación previa.
- O desenvolvemento da actividade
- Unha reflexión posterior e valoración da actividade en si

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
O desenvolvemento da programación foi acorde á temporización
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.

Foron adecuados os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Aplicouse a metodoloxía, os materiais e os recursos didácticos programados.
Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes de reforzo educativo.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse empatía ante os seus problemas e as súas diferenzas.
Promoveuse o hábito lector coa busca de lecturas próximas ao interese do alumnado e organizando actividades atractivas para o fomento da lectura e da creación literaria
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos.
<b>Outros</b>
Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares programadas e desenvolvéronse progresivamente os temas transversais

### Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso de ensino e a súa práctica docente. Para esta finalidade, empregaremos unha serie de indicadores de logro seguindo unha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para avaliar tanto o proceso de ensino como a propia programación, atenderemos a:

- Obxectivos.
- Contidos.
- Temporización.
- Criterios de avaliación.
- Competencias básicas e competencias clave.
- Contidos mínimos esixibles.
- Metodoloxía didáctica.
- Atención á diversidade.

Esta avaliación producirá, se fose preciso, modificacións na programación para os seguintes trimestres ou en vindeiros anos e para recompilar a información confeccionaranse uns cuestionarios que lles serán proporcionados ao alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizaremos a revisión da programación didáctica da seguinte maneira:

No principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nos informes trimestrais do departamento incluírase un punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica, verificándose se se están impartindo os contidos programados e se a temporización é a adecuada. Ademais rexistrárase o grao de consecución da programación no apartado de "seguimento" da aplicación Proens.

Cada trimestre, despois de coñecermos os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será

o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Entre as cuestións ou puntos a revisar encóntanse:

1. A metodoloxía foi eficaz para acadar os obxectivos
2. Os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
3. Cumpriuse coa secuenciación e temporización das unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
4. Foi preciso introducir algunha modificación nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados .
5. O procedemento seguido para a información ás familias foi útil e axeitado.

Ao final de curso, avaliaremos a programación didáctica no seu conxunto e para iso teremos en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia programación, valorando os resultados das avaliacións finais ordinarias do alumnado. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a programación didáctica do vindeiro curso.

Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

O resultado desta avaliación reflectirase na memoria final de curso do departamento e tamén recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do ano e as propostas de mellora suxeridas para seren tidas en conta na PD do próximo curso. Tamén, se for pertinente, serán comunicadas na reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

## 9. Outros apartados